

«Sabías que na actualidade, ademais das 24 linguas oficiais, hai preto de 60 linguas rexionais minoritarias na Unión Europea? E ti, cantos idiomas sabes?»

«As competencias lingüísticas son un instrumento de valorización persoal e profesional, cada vez máis importantes para garantir unha maior inclusión na sociedade e unha mellor integración no mercado laboral. E ti, cantos idiomas sabes?»

«A aprendizaxe de idiomas é un instrumento fundamental para unha mellor comprensión e aceptación intercultural e, por iso, un medio para combater a xenofobia e o racismo. E ti, cantos idiomas sabes?»

«A aprendizaxe de idiomas é un medio privilexiado de acceso ao saber, a outras culturas e á mobilidade. Expresa a riqueza da cultura rexional europea e, por iso, debe ser protexida e incentivada. E ti, cantos idiomas sabes?»

«O multilingüismo achega os cidadáns e cidadás europeos, respectando a diversidade cultural, e converte Europa, cada vez máis, nun espazo de comunicación, diálogo e aproximación dos seus pobos e rexións. E ti, cantos idiomas sabes?»